

DECRETO DA ALCALDÍA

EXCMA. SRA. DONA LARA MÉNDEZ LÓPEZ, ALCALDESA PRESIDENTA DO EXCMO. CONCELLO DE LUGO

ASUNTO: APROBACIÓN MODIFICACIÓN DE CRÉDITO NA MODALIDADE DE INCORPORACIÓN DE REMANENTES DE CRÉDITO (EXPTE IRC 9/2021): CONTRATACIÓN DA SUBMINISTRACIÓN DE MOBILIARIO URBANO PARA A ÁREA MUNICIPAL DE INFRAESTRUTURAS URBANAS.

Visto o expediente tramitado para modificar créditos mediante a modalidade de incorporación de remanentes de crédito por importe total de 92.982,00 euros dentro do vixente orzamento desta Corporación.

Visto o informe de Intervención Ref. 2021/799 de data 19/05/2021 emitido en contestación á Providencia da Alcaldía de data 18/05/2021.

Considerando o disposto nos artigos 182 do TRLFL, 47 e 48 do Real Decreto 500/1990 así como o artigo 127 da LBRL, as Bases de execución do mencionado Orzamento, e o informe de Intervención.

Considerando que o financiamento de dita modificación vén determinado pola existencia de recursos financeiros suficientes derivados do Remanente de Tesourería para Gastos Xerais derivado da liquidación do orzamento do exercicio 2020.

Veño a resolver:

Aprobar o presente expediente de modificación de créditos mediante a súa modalidade de incorporación de remanentes de crédito **por importe de 92.982,00 euros**, coa finalidade de dar cobertura ás obrigas que se desprenden da contratación da subministración de **MOBILIARIO URBANO PARA A ÁREA MUNICIPAL DE INFRAESTRUTURAS URBANAS**, financiado con Remanente de Tesourería Líquido (RTGX), emitindo os informes necesarios na súa tramitación que se realiza en base ós seguintes criterios:

Importe: 92.982,00 euros (RC Ref.: 84013/2020)

Aplicación orzamentaria: 15300.61900

Código de Proxecto 20RT00024.

Financiamento:

- ☐ **Remanente de Tesourería para Gastos Xerais**

Sendo o expediente que a aproba firme e executivo sen máis trámites, polo que se deberán introducir na contabilidade dá Corporación os axustes derivados de dito expediente.

Cúmprase.